



NADAL DIVERTIDO



ACTIVIDADE GRATUITA

No Nadal os nenos de Infantil (3-5 anos) deixamos os Sábados Divertidos e facemos tódolos días de actividade.

Así pois O Nadal Divertido será os días 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro e o 2 e 5 de xaneiro no pavillón do **Colexio Torre-Illa** de 10:30 a 11:30 h. Grupo único - **NENOS NADOS NO 2009-2010-2011**

Na Fundación Deportiva, traballamos para que xa dende pequenos collan gusto pola actividade física e que vaian adquirindo a práctica como algo habitual nas súas vidas, sempre adecuándoo ao nivel de cada idade. Así pois, cos mais pequenos, traballaremos aspectos relacionados coa mellora do movemento corporal, coa relación cos demais, así como valores coma a cooperación, respecto...E todo isto ¡XOGANDO!

- A folla de inscrición debe ser entregada na 2ª pranta do Concello , en horario de 10 a 14 horas antes do **18 de decembro**.
- Os nenos non poderán utilizar o mesmo calzado que na rúa, co fin de non deteriorar a pista coas posibles areas,...que se traen no calzado da rúa, polo que deben traer outro para cambialo antes de comezar a actividade.
- E conveniente que os nenos leven unha botelliña de auga para que beban antes, durante e ó remate da sesión co fin de evitar a súa deshidratación .
- Correo electrónico da Fundación Deportiva Municipal: **fundación@ailladearousa.es**



FOLLA DE INSCRICIÓN



*NOME E APELIDOS DO RAPAZ/A _____

*DATA DE NACEMENTO _____ DNI _____

AUTORIZACIÓN EN CALIDADE DE PAI/NAI/TITOR,

*DON/A _____ CON DNI _____

DOMICILIO _____ Nº _____ PISO _____

LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____

E-MAIL _____ *TELÉFONO/S _____

AUTORIZO A REALIZAR A ACTIVIDADE DE **NADAL DIVERTIDO**

Informámoslle de que, salvo que manifieste a súa oposición marcando o cadro habilitado a tales efectos, coa firma deste documento outorga o seu consentimento para a toma e publicación de fotografías durante a realización dos campionatos, cursos, probas e demais actividades organizadas pola Fundación, e a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina web (www.ailladearousa.es), e noutros medios de comunicación social, coa finalidade de promocionar e dar a coñecer os eventos que organiza a Fundación para o fomento e difusión da actividade física e do deporte.

NON Autorizo a utilizar imaxes do neno/a á Fundación Deportiva Municipal con fins divulgativos da actividade.

EN A ILLA DE AROUSA, A _____ DE NOVEMBRO DE 2.014

FIRMA DO PAI, NAI OU TITOR:

* Campos obrigatorios.

Cláusula do formularios recollida de datos actividades deportivas.

De acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado cuxa finalidade é a confección dun rexistro de asistentes e de estatísticas relacionadas coa actividade. Por parte da FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL A ILLA DE AROUSA pónse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL A ILLA DE AROUSA C/ Palmeira 25, 36.626 – A Illa de Arousa (Pontevedra).

ORGANIZA



COLABORAN

